



Mato reclama unha estratexia española de emprego para 2014 “real e con medidas concretas”



- ▶ A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, asistiu á LI Conferencia sectorial de emprego e asuntos laborais que se celebrou en Madrid, e onde se avaliou o proxecto da “Estratexia española de emprego”

A Xunta aumenta o orzamento da Risga nun 3% e establéceo como crédito ampliable para garantir a atención de quen o precise

- ▶ O Goberno galego destina en 2011 un orzamento duns 40 millóns de euros á inclusión social, dos que 23,3 millóns están destinados á RISGA e preto de 3 a axudas de emerxencia social

Máis de 4 millóns de euros ao longo de 2011 en accións de promoción do cooperativismo

- ▶ A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, compareceu a petición propia no Parlamento galego para dar conta das liñas de actuación neste eido
- ▶ Actualmente, as cooperativas sosteñen máis de 20.000 empregos en Galicia (28.000 postos de traballo se se teñen en conta todas as fórmulas de economía social) e factura máis de 2.000 millóns de euros, segundo datos de 2010



Feijóo avanza que Galicia contará “en breve” co “primeiro decálogo de dereitos das persoas maiores e coa comisión interdepartamental” de atención a este colectivo

- ▶ Estas medidas inclúense no Plan Galego de Persoas Maiores 2010-2013, que o Goberno galego se compromete a continuar desenvolvendo “eficaz e eficientemente”
- ▶ “Apostamos pola eficiencia, xestionando mellor os nosos recursos e sendo capaces de incrementar nun 30% o número de prazas en centros destinados a persoas maiores”, sinala



Informe do paro rexistrado

Galicia rexistrou un total de 232.918 desempregados no mes de setembro

- ▶ Na evolución anual (de xaneiro a setembro deste ano), o paro diminuíu en 4.395 persoas (-1,85%) en Galicia

Sumario

Cooperativismo	2	Benestar	8-9
Seguridade e saúde laboral	3	Dependencia	10-12
Formación-emprego	4-6	Xuventude e Voluntariado	13
Informe do paro rexistrado	6	Normativa	14-18
Igualdade	7	Publicacións	18

Créditos

Edita:	Consellería de Traballo e Benestar
Elaboración:	Sección de Publicacións e Estatística
Coordinación:	Pepa Dabán Royo
Maquetación:	Antonio Lameiro Ces

Cooperativismo

Traballo e Benestar investirá máis de 4 millóns de euros ao longo de 2011 en accións de promoción do cooperativismo

- ▶ A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, compareceu a petición propia no Parlamento galego para dar conta das liñas de actuación neste eido
- ▶ Durante o ano 2010 creáronse 41 novas cooperativas, nas que máis de 1.500 persoas se converteron en novos socios –isto é, novos empregos–, o que demostra a “resistencia” das cooperativas á crise económica
- ▶ Actualmente, as cooperativas sosteñen máis de 20.000 empregos en Galicia (28.000 postos de traballo se se teñen en conta todas as fórmulas de economía social) e factura máis de 2.000 millóns de euros, segundo datos de 2010
- ▶ Fixo especial fincapé na modificación da Lei de cooperativas, que xa está en trámite parlamentario, e que actualizará e adaptará aos tempos actuais a anterior normativa
- ▶ A titular do departamento autonómico destacou tamén a posta en marcha dunha rede estable de puntos de asesoramento, denominada “Eusumo”, destinado aos cooperativistas, emprendedores e cidadáns en xeral

Santiago, 13 de setembro de 2011.- A Consellería de Traballo e Benestar investirá, ao longo de 2011, máis de 4 millóns de euros en distintas accións de promoción do cooperativismo, tanto nas que xa existían, como naquelas que se puxeron en marcha este ano para dar un novo pulo a estas fórmulas empresariais. A este catro millóns súmanse, ademais, preto de 2 millóns de euros, procedentes de fondos europeos, que foron conseguidos grazas á xestión do departamento autonómico. Entre as novas iniciativas, cabe destacar especialmente a modificación da Lei de cooperativas, que xa está en trámite parlamentario.

A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, compareceu hoxe a petición propia en sede parlamentaria para dar conta das distintas liñas de actuación que ten habilitado o departamento autonómico co fin de fomentar o cooperativismo en Galicia.

Durante a súa intervención, subliñou a “aposta decidida” do Goberno galego polas fórmulas de economía social. Xustificou esta aposta en que o cooperativismo constitúe un “terreo de importantes potencialidades para a xeración de emprego” e en que as cooperativas teñen tamén demostrado unha “especial resistencia á crise económica”.

Ao respecto, Mato puxo como exemplo que durante 2010 naceron un total de 41 novas cooperativas, o que supón que máis de 1.500 persoas convertéronse en novos socios cooperativistas –isto é, novos empregos–, o dobre que en 2009. Ademais, sinalou que en 2010, un ano de crise económica, naceron tantas cooperativas como no 2007, un exercicio de bonanza económica.

Actualmente, a economía social (cooperativas e sociedades laborais) sostén en Galicia ao redor de 28.000 empregos, 20.000 no caso concreto das cooperativas, que facturan máis de 2.000 millóns de euros ao ano, segundo datos de 2010. Este ano, hai activas na comunidade autónoma máis de 1.100 cooperativas.

A conselleira salientou tamén os valores nos

que se basea este modelo empresarial: a autonomía e responsabilidade persoal; a solidariedade; a igualdade; a toma de decisións de forma participativa; e a equidade.

Novas iniciativas

Para impulsar o cooperativismo, a Consellería de Traballo emprendeu nos últimos meses novas iniciativas. En concreto, a titular do departamento autonómico referiuse á posta en marcha da rede “Eusumo”; ao impulso da investigación, desenvolvemento e innovación (I+D+i) nas cooperativas; ao programa “Cooperativízate” de difusión do cooperativismo no ensino; e ao programa “Coopera +” para fomentar o cooperativismo na eurorrexión Galicia-Norte de Portugal.

Segundo sinalou Mato, a rede “Eusumo” suporá un importante “punto de inflexión” para o cooperativismo galego, xa que ata o momento non existía un entramado específico de servizos de promoción e asesoramento. Pero agora, con esta iniciativa, habilitarase unha rede estable de puntos de asesoramento destinado aos cooperativistas, e tamén aos emprendedores e cidadáns en xeral que busquen crear esta fórmula de negocio.

De feito, farase especial atención aos procesos de acompañamento de proxectos, xa que un dos obxectivos é achegar o cooperativismo e a economía social ás persoas desempregadas, e aos potenciais emprendedores e emprendedoras. O proxecto conta cun orzamento de máis de medio millón de euros, e estímase asesorar a preto de 75 proxectos cada ano.

Outra das novas iniciativas postas en marcha foi o programa “Cooperativízate”, de promoción do cooperativismo no ensino. O referente central desta campaña de divulgación é a “Escola cooperativa móbil”, que no curso académico 2010-2011 percorreu un total de 30 centros e contou coa participación de 2.000 alumnos e alumnas.

Ademais, o departamento autonómico apostou polo I+D+i como “motor da competitividade”.

Para apoiar o desenvolvemento desta área nas cooperativas galegas, púxose en marcha un proxecto de formación e asesoramento técnico permanente, así como un acompañamento dos proxectos. De feito, xa se teñen asesorado preto de medio cento de proxectos neste sentido.

Como último proxecto novidoso, a conselleira destacou o “Coopera +”, unha iniciativa europea que ten como obxectivo contribuír ao fomento da consolidación das cooperativas na eurorrexión Galicia-Norte de Portugal. O fin último é xerar máis e mellores empregos mediante accións de asesoramento, formación e información. Trátase da primeira acción de carácter global de apoio ao cooperativismo no eido transfronteirizo. O colectivo de beneficiarios é de preto de 2.000 cooperativas, que sustentan o 2 por cento da poboación activa da zona. O investimento para desenvolver o “Coopera +” supera os 1,2 millóns de euros.

Ordes de axudas

Na súa comparecencia, Mato fixo tamén referencia ao compromiso coas ordes de axuda ao cooperativismo en diferentes ámbitos, mantendo o seu orzamento pese a contexto de crise económica.

Así, citou, en primeiro lugar, as axudas dirixidas a conseguir un axeitado desenvolvemento da economía social. Neste primeiro grupo, inclúense programas de fomento do emprego en empresas de economía social e de promoción do cooperativismo, pensados para favorecer a reincorporación de persoas desempregadas ao mercado laboral en calidade de socios traballadores. Inclúe tamén programas de promoción do cooperativismo con axudas para impulsar proxectos empresariais, mesmo antes da súa constitución formal. Esta orde conta cun orzamento duns 3 millóns de euros.

Destacou tamén as axudas para o funcionamento, fomento e consolidación das asociacións de cooperativas e sociedades laborais, xa que a contribución destas asociacións á modernización

.../...

.../...

e mellora das empresas supón unhas das mellores garantías de futuro. Estes convenios con todas as asociacións de cooperativas que operan en Galicia contan cun orzamento duns 600.000 euros.

Lei de cooperativas

Na súa comparecencia, Mato deu unha especial relevancia á reformulación da Lei de cooperativas, que xa está en trámites parlamentarios desde xullo e que está rematando o seu período de alegacións. A conselleira lembrou que esta modificación responde a unha reclamación do propio sector e, ademais, está realizada de acordo coas súas achegas.

O obxectivo desta modificación é, principalmente, a actualización desta normativa, xa que o texto actual ten xa 13 anos de vixencia. Polo tanto, a nova norma ten unha “maior adaptación aos tempos actuais e dá resposta ás novas realidades”.

Entre os aspectos máis destacados da reforma, a conselleira salientou a redución, con carácter xeral, do número mínimo de socios que se precisan na actualidade para constituír unha cooperativa que pasarán a ser 3. Ademais, artículáanse novos mecanismos para flexibilizar a organización e o funcionamento.

Na nova normativa, foméntase tamén a observancia do principio de igualdade entre homes e mulleres e procúrase a presenza equilibrada de mulleres e homes na composición dos órganos sociais das cooperativas e no Consello Galego de Cooperativas. O anteproxecto de lei prevé tamén a creación dunha nova clase de cooperativa, que ten como fin captar capital de terceiros nos proxectos cooperativos para procurar un acceso efectivo do persoal asalariado á propiedade dos medios de produción.

Por último, Mato adiantou que actualmente estase elaborando, en colaboración co sector, o futuro Plan estratéxico do cooperativismo, que arrancará no 2012, e que substituirá ao actual.

Seguridade e saúde laboral

A sinistralidade laboral reduciuse en Galicia nun 8,53% no mes de agosto

- ▶ Neste mes de agosto producíronse 2.563 accidentes fronte aos 2.802 accidentes ocorridos no mesmo mes do ano anterior
- ▶ Do total dos accidentes, 2.518 foron accidentes leves, 41 graves e 4 mortais
- ▶ A sinistralidade laboral diminuíu un 17,20% nos oito primeiros meses deste ano, cun total de 20.727 accidentes laborais fronte aos 25.032 no mesmo período do ano 2010

Santiago, 25 de setembro de 2011.- O total dos accidentes laborais en xornada laboral rexistrados en Galicia en agosto do 2011 descenderon un 8,53% fronte ao mesmo mes do 2010.

Segundo datos do Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (ISSGA), dependente da Consellería de Traballo e Benestar, no mes de agosto producíronse 2.563 accidentes fronte aos 2.802 accidentes ocorridos no mesmo mes do ano anterior. Do total dos accidentes, 2.518 foron accidentes leves, 41 graves e 4 mortais.

Por sectores, descenderon os accidentes na construción, nun 16,07%; na industria, nun 11,68%; na pesca, nun 7,69%; e nos servizos, nun 3,66%. O único sector no que aumentaron os accidentes foi a agricultura, cun incremento do 3,28%.

Para ter unha visión precisa da evolución da sinistralidade laboral, utilízase o índice de incidencia, que compara o número de accidentes co número de traballadores coas continxencias profesionais

cubertas.

O índice de incidencia do total dos accidentes en xornada laboral en Galicia descendeu un 6,42% en agosto deste ano respecto ao do ano anterior. Por sectores, o maior descenso foi na industria, co 7,62%; na pesca foi do 5,69%; nos servizos do 3,76%; e na construción do 2,73%. O único incremento foi na agricultura, onde houbo unha subida do 5,77%.

Diminución acumulada do 17,20% de xaneiro a agosto

A sinistralidade laboral diminuíu un 17,20% nos oito primeiros meses deste ano, cun total de 20.727 accidentes laborais fronte aos 25.032 no mesmo período do ano 2010.

Este descenso dos accidentes laborais produciuse en todas as provincias, nunha porcentaxe do 20,39% en Pontevedra, nun 18,27% en Ourense, do 15,03% na Coruña e do 13,75% en Lugo.

Accidentes totais en xornada laboral no mes de agosto. 2010-2011

	2010			2011			%Variación total
	Home	Muller	Total	Home	Muller	Total	
Agricultura	84	38	122	96	30	126	3,28
Pesca	91	13	104	81	15	96	-7,69
Industria	707	132	839	619	122	741	-11,68
Construción	585	6	591	490	6	496	-16,07
Servizos	686	460	1.146	657	447	1.104	-3,66
Totais...	2.153	649	2.802	1.943	620	2.563	-8,53



Formación e emprego

Mato reclama unha estratexia española de emprego para 2014 “real e con medidas concretas”

- ▶ A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, asistiu á LI Conferencia sectorial de emprego e asuntos laborais que se celebrou en Madrid, e onde se avaliou o proxecto da “Estratexia española de emprego”
- ▶ Ademais, lamentou que este plan “apenas outorga relevancia á necesaria modificación da formación para o emprego”
- ▶ Criticou que se presente agora unha Estratexia que terá que ser executada “ao 100 por cento por outro Goberno diferente”
- ▶ Outro dos temas abordados na xuntanza foron os certificados de profesionalidade, dos que Galicia xa leva expedidos uns 11.400 a través da formación
- ▶ Mato considerou que esta proposta restrinxa “aínda máis” a participación das comunidades autónomas no deseño das políticas activas de emprego



Madrid, 29 de setembro de 2011.- A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, reclamou que a Estratexia española de emprego cara 2014 constitúa unha proposta “real e con medidas concretas”, e lamentou que o documento entregado hoxe polo Goberno central “non vaia máis alá das boas intencións e das declaracións de principios”.

Así o manifestou a titular do departamento autonómico, tras asistir á LI Conferencia sectorial de emprego e asuntos laborais que se celebrou en Madrid.

En declaracións aos medios de comunicación, a conselleira informou de que un dos asuntos tratados na reunión foi o informe polo que se dá conta do proxecto de Real Decreto que aproba a Estratexia española de emprego. Este documento, denunciou, “limita aínda máis” a participación das comunidades autónomas no deseño das políticas activas de emprego, porque “os fondos finalistas veñen aínda máis dirixidos desde Madrid”.

Isto impide, segundo explicou, que cada territorio poida decidir sobre estes fondos de acordo co que mellor se adecúe aos seus traballadores, ao seu mercado laboral e ás súas circunstancias particulares.

Ademais, tamén apuntou en que o documento “apenas outorga relevancia á necesaria modificación da formación para o emprego”, un aspecto que o Goberno galego considera “fundamental, de cara a mellorar a empregabilidade e competitividade

dos traballadores e das empresas”.

No que se refire tamén a esta Estratexia para o emprego do Goberno central, Mato criticou que se estea a presentar agora “tras ter tempo máis que suficiente”- un plan que se prolonga ata o ano 2014, cando este é un Executivo “interino” tras a convocatoria de eleccións. “A posta en marcha e desenvolvemento destas actuacións corresponde-rán, ao 100 por cento, a outro Goberno diferente”, sinalou.

Certificados de profesionalidade

Outro dos temas que se abordou durante a Conferencia sectorial foron os certificados de profesionalidade, xa que o Goberno central deu conta dos novos certificados que se aprobarán nos próximos reais decretos e tamén dos restantes que están proxectados. En total, cos aprobados ata o momento e as novas propostas, chegarase aos 456 certificados de profesionalidade regulados.

Neste sentido, Mato lembrou que Galicia xa leva tempo traballando neste eido grazas á reorientación que acometeu na formación que imparte. Ao respecto, sinalou que o departamento que dirixe xa ten expedido –a día de hoxe- uns 11.400 certificados de profesionalidade a través da formación certificable, dos que uns 3.400 están relacionados coa atención á dependencia, entendido como un xacemento de emprego a fomentar.

Ademais, hai outro proceso de acreditación

aberto –neste caso, a través da experiencia laboral- que permitirá que unhas 800 persoas máis acaden o seu certificado de profesionalidade no eido sociosanitario.

Na xuntanza, tamén se abordaron outros temas como a Estratexia global para o emprego das persoas traballadoras de máis idade, do que se ten facilitado só o primeiro documento, polo que Mato entendeu que “deberá darse un prazo de estudo e debate desta proposta”.

Con todo, tras unha primeira revisión, o Goberno galego mostrou o seu desacordo cunha das medidas contidas no documento, que establece que se realicen convocatorias específicas de acreditación das competencias profesionais para os grupos de máis idade. Sobre este punto, considerou que os procesos de recoñecemento da competencia “deben basearse máis nas cualificacións que se entendan prioritarias, independentemente de que os profesionais teñan maior ou menor idade”.

Por último, sinalou que na xuntanza tamén se abordaron outros temas, que competen xa exclusivamente ás competencias do Estado, como o Real decreto polo que se establece un sistema específico de protección por cese de actividade dos traballadores autónomos ou o Real decreto sobre a relación laboral de carácter especial e as persoas con discapacidade nos Centros especiais de emprego.

Un total de 160 persoas desempregadas do sector téxtil acadan a súa inserción laboral a través do Plan Empregatex da Xunta



- ▶ O director xeral de Relacións Laborais, Odilo Martiñá, e a directora xeral de Comercio, Nava Castro, fixeron hoxe un balance da primeira fase deste proxecto, a primeira iniciativa consensuada no seo do diálogo social de Galicia
- ▶ As primeiras sesións de orientación profesional chegaron a 508 persoas desempregadas

Pontevedra, 6 de setembro de 2011.- Un total de 160 persoas desempregadas do sector téxtil acadaron a súa inserción laboral no último ano a través do programa Empregatex, un plan ambicioso que o Goberno galego puxo en marcha en marzo de 2010 e que foi o primeiro proxecto consensuado no seo do diálogo social de Galicia.

En concreto, nesta primeira fase da iniciativa atoparon un posto de traballo un 31,49% dos participantes, máis da metade dos que se prevén recolocar con este programa. Cando remate o proxecto, o Goberno galego estima que un 60% das persoas que están a tomar parte neste proxecto acadarán a inserción laboral. Así o destacaron o director xeral de Relacións Laborais, Odilo Martiñá, e a directora xeral de Comercio, Nava Castro, na presentación do balance da primeira fase do proxecto.

A iniciativa, que ten un investimento de 2,9 millóns de euros, está a ser liderada polas consellerías de Traballo e Benestar e Economía e Industria, en colaboración coa Confederación de Industrias Téxtiles de Galicia (Cointega), patronal téxtil, que xunto cos sindicatos UGT e CCOO é parte executora deste programa.

O proxecto aglutina seis estratexias diferentes para lograr a reinserción laboral: orientación profesional; formación e reciclaxe (Texmellora e Insiretex); fomento do espírito empresarial (Texcreación); promoción da mobilidade xeográfica (Movetex); formación en Tecnoloxías da Información e Comunicación (Textic); e axudas para unha mellor conciliación da vida laboral e persoal (Texconcilia).

A primeira fase, comprendida entre febreiro de 2010 e xuño de 2011, centrouse na orientación, na formación- a través dos programas Insiretex, Texmellora e Texcreación-, e na inserción laboral. Desde este mes e ata que remate o programa, en febreiro de 2012, intensificarase a parte de inserción laboral.

O director xeral de Relacións Laborais, Odilo Martiñá, destacou, con respecto á primeira fase do proxecto, que principalmente os esforzos estiveron encamiñados a localizar e contactar coas persoas desempregadas procedentes do sector téxtil.

Como resultado, no programa de orientación, logrouse contactar con 575 persoas desempregadas procedentes do téxtil, das que 508 recibiron as primeiras sesións de orientación. Para contactar coas persoas, leváronse a cabo unha serie de xornadas de presentación do programa en Lalín, Vigo, Ourense e A Coruña.

Martiñá explicou que o programa de orientación profesional contempla distintos tipos de accións en función dos obxectivos e das necesidades de cada persoa, desde titorías personalizadas ata obradoiros de busca de emprego. Para iso, Empregatex conta cun equipo técnico de orientación integrado por 8 profesionais, distribuídos en diferentes puntos do territorio galego.

Ao mesmo tempo, nesta fase de orientación profesional, desenvolveuse unha investigación para detectar as ocupacións cun maior potencial de inserción nos territorios de procedencia dos participantes.

Tres programas de formación

A fase de formación incluíu a posta en marcha de tres programas diferentes: Texmellora, Textic e Insiretex. Tras unha análise en profundidade das ocupacións con maior potencial de inserción, dentro e fóra do sector téxtil, deseñáronse unha serie de accións formativas adaptadas ás necesidades e ás competencias dos participantes. En total, proporcionarase a 200 persoas formación axeitada en ocupacións con maiores posibilidades de emprego nos seus territorios, xunto con formación transversal.

Dentro do programa Insiretex, destinado á inserción nun sector diferente ao téxtil, impartíronse tres cursos de preparación de competencias clave en matemáticas, lingua castelá e lingua galega no eido sociosanitario, xa que os participantes no plan Empregatex mostraron o seu interese por este ámbito como posibilidade para a súa inserción. Dous accións formativas foron impartidas na Coruña e unha en Lalín. En total asistiron 44 alumnos.

Neste sentido, o director xeral de Relacións Laborais destacou que o Instituto Galego das

Cualificacións, dependente da Consellería de Traballo e Benestar, realizou unha convocatoria extraordinaria de competencias claves nestas materias que tivo lugar o 17 de xuño pasado. Os resultados foron moi positivos, xa que o 100 por cento dos alumnos superaron as probas de avaliación.

“A través desta iniciativa logramos axilizar o proceso de adquisición dos requisitos mínimos formativos que confiren a oportunidade de acceder aos novos certificados de profesionalidade de axuda a domicilio e de atención sociosanitaria en institucións”, apuntou Martiñá, quen destacou que desta forma “culminamos o proceso de reciclaxe e perfeccionamento profesional coa formación en ocupacións con potencial de inserción, incrementando así as oportunidades de mellorar a súa situación laboral”. Así mesmo, nos primeiros 8 meses de 2011 desenvóléronse 3 cursos integrados no programa Insiretex.

Tamén na fase de formación, e a través do denominado programa Textic, realizáronse nos 8 primeiros meses deste ano 12 cursos. O plan Textic ten por obxecto proporcionar formación sobre TIC, xa que está considerada como esencial para as actividades de busca de emprego. Considerando as características dos participantes en Empregatex comezouse cunha formación básica en alfabetización informática en distintos niveis. Deste xeito, formáronse a 156 alumnos e alumnas en alfabetización informática, perfeccionamento informático, internet e dixitalización informática.

As accións formativas impartíronse nas localidades da Coruña (6 cursos dirixidos a 83 persoas); Lalín (5 cursos-65 persoas); e Vigo (1 curso-8 persoas).

Con respecto ao plan destinado a fomentar o espírito empresarial (Texcreación), desenvóléronse ao longo deste período dous cursos para 20 persoas sobre o emprendemento como unha oportunidade de inserción no mercado de traballo. A iniciativa, ademais, centrouse na realización de varias sesións de asesoramento especializado na creación de empresas a persoas cunha idea de negocio ou interesadas na creación do seu propio posto de traballo.

Novos cursos ata decembro

Por último, Martiñá avanzou a programación de accións formativas que nestes momentos se está a realizar e que se estenderá ao longo do segundo semestre deste ano. En total ata finais de ano impartiranse 18 cursos dos que se beneficiarán 146 alumnos e alumnas.

Informe do paro rexistrado

Galicia rexistrou un total de 232.918 desempregados no mes de setembro

Santiago, 4 de outubro de 2011.- Galicia rexistrou no mes de setembro un total de 232.918 persoas desempregadas, o que supón un aumento de 8.336 persoas máis que no mes anterior. En termos porcentuais, este incremento sitúase no 3,71 por cento.

A directora xeral de Formación e Colocación, Ana María Díaz López, considerou este dato como “negativo”, en tanto se rexistra un aumento do paro. Explicou que este dato se deriva fundamentalmente da finalización das contratacións temporais que se produciron no sector servizos ao longo da tempada estival.

De feito, sinalou que setembro é un mes onde tradicionalmente sube o número de desempregados e apuntou que este mes estase a rexistrar un comportamento “practicamente igual” en relación

co Estado que o do ano pasado neste mesmo período.

Con respecto aos datos estatais, o desemprego incrementouse no Estado nun 2,32 por cento, o que supón en termos absolutos un aumento de 95.817 persoas, de xeito que o número de desempregados sitúase en 4.226.744 persoas.


No que se refire á evolución anual, Díaz López destacou que o número de parados diminuíu en Galicia en 4.395 persoas, o que supón que en termos porcentuais o desemprego baixou en Galicia entre xaneiro e setembro nun 1,85 por cento.

En termos interanuais, o número de persoas desempregadas incrementouse na Comunidade autónoma en 16.823 persoas, o que supón unha porcentaxe do 7,78% por cento desde setembro de 2010 a setembro de 2011.

O desemprego neste mes de setembro aumentou en todos os sectores, aínda que no que máis aumentou “con diferenza” foi nos servizos, con 5.281 desempregados máis. A continuación situouse a industria (+1.450); a construción (+1.108); a agricultura e a pesca (+322); e o colectivo sen emprego anterior (+175).



Por provincias, o paro rexistrado subiu en todas elas. A provincia que rexistrou un maior incremento foi a de Pontevedra, con 3.752 desempregados máis; seguida da Coruña (+2.564); Lugo (+1.361); e Ourense (659).

Na evolución dos contratos, rexistráronse en Galicia no mes de setembro un total de 65.334 contratos, 5.484 contratos máis que no mes anterior; deste total, 5.015 foron indefinidos (7,68%) e 60.319 temporais (92,32%).



Parados mes	Variación relativa mes anterior	
A Rioxa	21.693	-2,04
Castela-A Mancha	207.595	-0,36
Canarias	251.990	-0,19
País Vasco	141.906	0,84
Valencia	525.732	1,59
Aragón	94.701	2,14
Madrid	485.206	2,15
Murcia	136.294	2,41
Andalucía	943.094	2,57
Cataluña	600.930	2,78
Navarra	42.618	2,92
Ceuta	11.027	2,95
Melilla	11.759	3,29
Asturias	82.122	3,46
Galicia	232.918	3,71
Castela e León	191.675	3,93
Extremadura	125.050	4,56
Cantabria	44.367	5,81
Illes Balears	76.067	6,59
TOTAL	4.226.744	2,32

VARIACIÓN ANUAL DO PARO REXISTRADO EN GALICIA
(Mes en curso – igual mes do ano anterior)



Igualdade

Mato avoga por fomentar mecanismos para que a presenza feminina en postos de responsabilidade sexa unha realidade

- ▶ **A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, inaugurou hoxe en Santiago a VI Escola de Mulleres Dirixentes de UXT**
- ▶ **Mato lamentou os prexuízos á hora de contratar unha muller e apostou pola súa erradicación, unha obriga de toda á sociedade**



Santiago, 15 de setembro de 2011.- A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, avogou hoxe por fomentar mecanismos proactivos para que a presenza feminina en postos de responsabilidade sexa unha realidade, tal e como xa recolle a lexislación.

Mato inaugurou en Santiago a VI Escola de Mulleres Dirixentes de UXT e sinalou que as administracións deben ir “máis alá, fomentando

mecanismos proactivos para que aflore un novo escenario no que a presenza feminina en postos de responsabilidade sexa unha realidade visible e cotiá”.

En liña con este obxectivo, a Xunta puxo en marcha este ano un programa pioneiro, o Programa Executiva, pensado especificamente para que as mulleres con perfil directivo ou emprendedor coñezan as súas propias potencialidades,

adestren as súas capacidades de liderado e estean mellor preparadas para romper o denominado “feito de cristal”.

As participantes accederon, de forma gratuíta, a seminarios e talleres específicos, impartidos por destacados profesionais, e xa nunha fase final, a sesións individualizadas de coaching e tutorías avanzadas. No primeiro ano de posta en marcha deste programa recibíronse preto de 1.000 solicitudes para 200 prazas.

Esta acción concreta para reforzar o liderado feminino enmárcase dentro de toda unha serie de políticas da Xunta para avanzar na igualdade. No ámbito laboral destaca o importante traballo levado a cabo desde o Servizo de Igualdade Laboral, dependente da Consellería de Traballo e Benestar, por exemplo,

coa posta en marcha da Marca Galega da Excelencia en Igualdade ou a revisión dos convenios colectivos para garantir criterios de igualdade, ambas iniciativas previstas na Lei de 2007 de Igualdade no Traballo das Mulleres en Galicia desenvolvida polo actual Goberno da Xunta.

Mato lamentou os prexuízos que seguen a existir á hora de contratar unha muller e apostou pola

súa erradicación, “unha obriga de toda a sociedade, especialmente dos axentes sociais, dos empresarios e tamén dos sindicatos”.

Neste senso, a Consellería está a apostar pola conciliación “como concepto que beneficia tanto aos homes como as mulleres e á sociedade en xeral”. De feito, a aposta do Goberno reflíctese na creación de 2.100 prazas públicas en escolas infantís en dous anos e medio, no incremento de 2.000 prazas públicas en centros de atención as persoas maiores, na inclusión da conciliación na nova Lei de apoio a familia e á convivencia de Galicia, así como no desenvolvemento da Lei de 2007 de igualdade no traballo das mulleres en Galicia.

A titular de Traballo subliñou que esta é a edición de Mulleres Dirixentes que se celebra no contexto mais adverso desde que arrancou a iniciativa, tanto no económico como no laboral, unha coxuntura que non debe representar “nin un obstáculo nin una escusa” para non seguir avanzando “na construción dun escenario económico e laboral mais sostible, máis respectuoso e mais acorde coas necesidades das persoas”.

Día de Galicia en Euskadi

A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, representou en Eibar ao Goberno galego na conmemoración do 26º Día de Galicia en Euskadi

Eibar, 25 de setembro de 2011.- A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, fixo fincapé nos “moitos lazos” que unen ao pobo vasco e no galego e apostou por renovalos no marco da conmemoración do Día de Galicia en Euskadi.

Mato acudiu en representación do Goberno galego aos actos de conmemoración deste día, que se están a celebrar en Eibar. En

concreto, trátase da 26ª edición do Día de Galicia en Euskadi.

A titular do departamento autonómico lembrou que, actualmente, viven no País Vasco máis de 50.000 galegos e galegas. De feito, nesta comunidade autónoma existen 12 casas de Galicia, ás que lles agradeceu o seu “esfuerzo e contribución á hora de manter vivos os valores e tradicións de Galicia”.



Benestar

A Xunta incrementou en 2.100 a súa oferta de prazas nas escolas a Galiña Azul nos últimos dous anos

- ▶ A rede autonómica conta neste inicio de curso con 8 centros e 585 prazas máis que no mes de setembro do ano pasado
- ▶ Co cheque infantil, os centros municipais subvencionados e os de iniciativa social, a oferta de prazas sostidas con fondos

- ▶ públicos superará xa as 16.300
- ▶ A Consellería de Traballo e Benestar está a construír ou a financiar a construción de 16 novas escolas infantís con 780 novas prazas que abrirán ao longo do curso



Santiago, 4 de setembro de 2011.- Nos dous últimos anos a oferta da Rede de Escolas Infantís de Galicia A Galiña Azul incrementouse en preto dun 39 por cento coa posta en funcionamento de 2.100 prazas e dun total de 32 novos centros.

Respecto á oferta de hai un ano, a rede conta neste mes de setembro con 8 escolas e 585 prazas máis. Eses novos centros están situados na Coruña (Monte Alto e Eirís), Santiago, Sada, Pontevedra (Campus e A Parda), Vigo, Mos e Monte Porreiro.

En total a oferta de prazas 0-3 sostidas con fondos públicos, cos 128 centros A Galiña Azul, o cheque infantil, os centros municipais subvencionados e os de iniciativa social, superará no

curso 2011-2012 as 16.300 prazas.

Previsión de novas aperturas

O incremento de prazas 0-3 sostidas con fondos públicos é unha das actuacións recollidas no Plan de Actuación Social 2010-2013. O obxectivo é crear nesta lexislatura un total de 4.500 prazas e, deste xeito, achegar a oferta pública á ratio de cobertura do 33 por cento recomendada pola UE.

Continuando nese camiño, a Consellería de Traballo e Benestar xa está a construír ou a financiar a construción de 16 novas escolas infantís que abrirán ao longo do curso e que ofertarán arredor de 700 novas prazas.

Esa planificación inclúe novas escolas nos concellos de Betanzos, Carnota, Coirós, Coristanco, Curtis, Fisterra, O Pino, Sobrado dos Monxes, Alfoz, Baralla, Vilalba, Cartelle, A Merca, Oímbra, Sanxenxo e Vigo. Tamén se porá en funcionamento ao longo deste curso a escola infantil de Monte Porreiro, construída polo Concello de Pontevedra.

Máis de 1.300 menores beneficianse do Programa de acollemento familiar en Galicia

- ▶ A secretaria xeral de Familia e Benestar, Susana López Abella, participou nun picnic organizado pola Asociación de Familias Acolledoras de Galicia na Pobra do Caramiñal
- ▶ A Administración autonómica galega está a priorizar o acollemento dos nenos e nenas en familias fronte ao seu internamento en centros



A Pobra do Caramiñal (A Coruña), 11 de setembro de 2011.- Un total de 1.362 menores estanse a beneficiar este ano do programa de acollemento familiar posto en marcha pola Secretaría Xeral de Familia e Benestar, dependente da Consellería de Traballo e Benestar, dos que 105 supoñen novos acollementos remunerados.

A secretaria xeral de Familia e Benestar, Susana López Abella, participou nun picnic organizado pola Asociación de Familias Acolledoras de Galicia na Pobra do Caramiñal (A Coruña), onde lembrou que a aposta da Xunta polo acollemento familiar é decisiva; de

feito, a Administración autonómica galega está a priorizar o acollemento dos nenos e nenas en familias fronte ao seu internamento en centros.

Para iso, o Goberno galego acometeu en 2009 diversas modificacións no programa de acollemento familiar co fin de axilizar tanto a súa tramitación como o pago das retribucións para as familias que as reciban. Ademais, a nova Lei de familia recolle a necesidade de primar o acollemento familiar sobre o internamento en centros.

O programa de acollemento familiar pode definirse como aquel recurso de protección temporal e revogable, orientado ao coidado de

menores que se atopan privados, aínda que sexa circunstancialmente, dunha axeitada atención e que consiste en confiar o coidado dun/ neno ou adolescente a unha persoa ou familia que reúna as condicións persoais, educativas e materiais necesarias para proporcionarlle unha vida familiar.

O seu obxectivo xeral é garantir o dereito do neno a vivir nunha familia, por ser o medio óptimo para o seu desenvolvemento. Os acollementos poden facerse na familia extensa ou ben en familias alleas.

A Xunta aumenta o orzamento da Risga nun 3% e establéceno como crédito ampliable para garantir a atención de quen o precise

Santiago, 28 de setembro de 2011.- O Goberno galego aumentou este ano o orzamento destinado á Renda de integración social de Galicia (RISGA) nun 3 por cento, ata chegar aos 23,3 millóns de euros. Ademais, este ano é o primeiro en que a RISGA figura como “crédito ampliable” nos orzamentos, o que quere dicir que se o financiamento destinado inicialmente a este fin chega ao seu límite, este será ampliado de xeito inmediato.

Así o explicou a conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, na súa resposta a unha interpelación parlamentaria ao respecto da xestión da RISGA en Galicia. Durante a súa intervención, a titular do departamento autonómico fixo fincapé en que o carácter ampliable do orzamento da RISGA –que figura no artigo 8 da propia Lei de orzamentos para este ano– garante que “ningunha persoa que o necesite e cumpira os requisitos quedará desatendida”.

Deste xeito, lembrou que o orzamento aprobado de 23,3 millóns (un 3 por cento superior ao do exercicio anterior), xa foi incrementado en máis de 460.000 euros para atender os beneficiarios da RISGA. A esta partida hai que sumarlle tamén os 2,9 millóns de euros que se destinan neste exercicio ás Axudas de

- ▶ Aconselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, facilitou estes datos hoxe no Parlamento galego, durante unha interpelación ao respecto da Renda de Integración Social de Galicia (RISGA)
- ▶ O Goberno galego destina en 2011 un orzamento duns 40 millóns de euros á inclusión social, dos que 23,3 millóns están destinados á RISGA e preto de 3 a axudas de emerxencia social

emerxencia social (AES).

En total, resumiu Mato, o Goberno galego destina á inclusión social un orzamento duns 40 millóns de euros, nos que se inclúen a partida da RISGA e das AES, ademais das axudas aos albergues e comedores sociais; ou o complemento autonómico das pensións non contributivas, que tamén se incrementou nun tres por cento.

Con respecto aos datos de tramitación, a conselleira lembrou que o principal aumento de solicitudes da RISGA rexistrouse entre o anos 2008 e 2009, no que a cifra de solicitantes se incrementou nun 32,5 por cento; fronte ao

- ▶ Este é o primeiro ano que esta partida figura como “crédito ampliable”, o que quere dicir que se o orzamento destinado inicialmente a este fin chega ao seu límite, este é ampliado de forma inmediata
- ▶ Isto, dixo a conselleira, “supón que ningunha persoa que cumpira os requisitos quedará desatendida”

aumento de solicitudes entre 2009 e 2010 que foi do 2,88 por cento.

No que vai de ano, o número de solicitantes da RISGA ascendeu a 3.050 peticións e a cifra dos que están recibindo esta prestación nestes momentos é de máis de 5.000 persoas, xa que hai que ter en conta que hai perceptores da RISGA que continúan no sistema dun ano para outro.

Por último, a conselleira apostou por unha RISGA que sexa un instrumento transitorio que consiga abrir as portas do mercado de traballo e a verdadeira inclusión social aos seus perceptores.

Benestar destina máis de 1,8 millóns a comedores, albergues e casas de acollida tras a ampliación das axudas en 155.000 euros

- ▶ O Diario Oficial de Galicia (DOG nº 171, do 7.09.2011) publicou o incremento adicional do crédito destinado a estes colectivos que traballan con persoas en risco de exclusión

subvencións da Xunta terán de prazo un mes para presentar as súas solicitudes. A documentación requirida para optar a estas axudas deberá presentarse no rexistro único dos servizos centrais ou nos servizos periféricos da Consellería de Traballo e Benestar.

Cada unha das solicitudes será avaliada por unha comisión de valoración que terá en conta unha serie de criterios técnicos entre os que destacan: o número de persoas usuarias do servizo para o que se terá en conta un promedio de persoas días/ocupados; a carencia de servizos públicos das mesmas características na mesma localidade; o financiamento público xa recibido no actual exercicio; ou a existencia de programas de inserción social ou actividades ocupacionais.

No caso das casas de acollida, ademais, terase en conta o perfil da persoa usuaria, é dicir, a gravidade da situación de exclusión e a

concorrenza de situacións de dependencia ou discapacidade.


O incremento adicional do crédito destinado a estas axudas ten como obxectivo facilitar no contexto económico actual o labor a estes colectivos. Neste sentido, é preciso lembrar que o Goberno galego aumentou durante 2009 e 2010 as partidas de axudas dirixidas a albergues e comedores sociais.

Así mesmo, a Xunta está a seguir de primeira man a situación destes colectivos coa celebración de xuntanzas periódicas. De feito, o pasado mes de xullo o presidente da Xunta de Galicia, Alberto Núñez Feijóo, e a conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, mantiveron unha reunión coas principais asociacións deste eido.

Dependencia

O Plan de Acción para as Persoas con Discapacidade de Galicia supuxo a execución en 2010 dun total de 134 medidas dirixidas a este colectivo

- A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, presentou o balance de execución do Plan de Acción Integral para as Persoas con Discapacidade de Galicia 2010-2013
- Reuniuse por primeira vez a comisión interdepartamental para o seguimento deste plan
- O grao de execución destas medidas -no que participan todos os departamentos da Xunta, outras institucións, e entidades sociais- superou o 84 por cento
- As medidas artículanse en torno a 10 eixos: protección dos dereitos; igualdade de xénero e transversalidade; accesibilidade; promoción da autonomía persoal; educación; formación e emprego; recursos no ámbito dos servizos sociais; saúde e atención sociosanitaria; atención temperá; e cultura, deporte e tempo de lecer



Santiago, 19 de setembro de 2011.- O Plan de Acción integral para as Persoas con Discapacidade de Galicia 2010-2013 supuxo a execución durante 2010 dun total de 134 medidas dirixidas a este colectivo. Este Plan constitúe unha ferramenta “pioneira”, liderada pola Consellería de Traballo e Benestar e na que participan todos os departamentos da Xunta, xunto con outras institucións e as entidades de iniciativa social.

A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, presentou en rolda de prensa o balance deste plan durante 2010. Previamente, a titular do departamento autonómico presidiu a comisión interdepartamental que aprobou por

maioría o balance deste plan, e que se reuniu por primeira vez. Durante esta xuntanza, tamén se aprobaron novos indicadores de seguimento de cara o próximo balance e se deron conta aos participantes doutras novidades en materia de discapacidade.

Antes de desagregar as medidas e a súa execución, Mato fixo fincapé en que se trata dun plan “transversal”, xa que implicou a toda a Xunta, a entes públicos, ás universidades e a entidades sociais tanto na súa elaboración como na posta en marcha das súas medidas. Trátase, polo tanto, dun “importante reto de coordinación e participación”. Ademais, lembrou que este instrumento está sometido tamén ao seguimento do Diálogo Social

Para 2010, estaban programadas o 52,8 por cento das actuacións, isto é, 159 medidas das 301 previstas para a totalidade do Plan ata 2013. Das 159 actuacións programadas para o ano pasado, executáronse un total de 134, o que supón un cumprimento do 84,3 por cento no pasado exercicio.

Na súa intervención, a conselleira explicou que aquelas medidas que non se levaron a cabo durante 2010, estanse xa executando durante este ano, xunto co resto de actuacións programadas orixinalmente para 2011.

O plan está destinado a todas as persoas con discapacidade de Galicia, polo que a poboación beneficiaria obxectivo desta ferramenta, serían máis de 200.000 persoas (as que figuran no censo de persoas con discapacidade). Con todo, se se teñen en conta as actuacións levadas a cabo pola Xunta (sen computar as das distintas entidades), foron 55.700 as persoas con discapacidade que se beneficiaron destas medidas, ás que habería que sumar os seus familiares. A esta cifra habería que engadir as máis de 4.000 persoas entre profesionais, persoal da Administración e titores que participaron nestas actuacións.

As medidas do plan artículanse en torno a 10 eixos: protección dos dereitos; igualdade de xénero e transversalidade; accesibilidade; promoción da autonomía persoal; educación; formación e emprego; recursos no ámbito dos servizos sociais; saúde e atención sociosanitaria; atención temperá; cultura, deporte e tempo de lecer.

Protección dos dereitos e igualdade

Na primeira área, de protección dos dereitos, executáronse en 2010 un total de 7 medidas. Entre elas, destaca que máis de 300 persoas participaron en diversas accións informativas sobre os dereitos das persoas incapacitadas xudicialmente, ou a realización de 49 interpretacións en lingua de signos en procedementos xudiciais de persoas con discapacidade auditiva.

Pola súa banda, no segundo eixo de actuación –de igualdade de xénero e transversalidade–, leváronse a cabo outras 7 medidas. Cabe salientar, entre elas, a revisión de 86 convenios colectivos para garantir a perspectiva do binomio “discapacidade e xénero” ou a realización de 7 recomendacións sobre esta mesma materia a outras tantas empresas que van implantar un plan de igualdade.

A terceira área, centrada na accesibilidade, supuxo a execución de 18 actuacións. Mato fixo especial fincapé na formación dunhas 400 persoas da Administración en materia de discapacidade e accesibilidade e na adaptación do teléfono da muller para persoas con discapacidade auditiva.

A promoción da autonomía persoal centra o cuarto eixo do plan, cun total de 20 accións levadas a cabo durante 2010. Nestas medidas, inclúense “todas aquelas que redundan nun maior grao de autonomía e permanencia das persoas no seu contorno habitual”, como a apertura de prazas para persoas con discapacidade (un total de 548 máis no que vai de lexislatura, o que supón un 12,6 por cento de incremento).

Educación e emprego

O quinto eixo, de educación, aglutinou a posta en marcha dun total de 20 medidas en 2010, entre as que destacan a formación en materia de atención normalizadora a máis de 700 profesionais do sistema educativo; ou o apoio personalizado prestado a 13 alumnos e alumnas con discapacidade nas universidades galegas.

A formación e o emprego, que constitúen o sexto eixo, foi a área que máis medidas concentrou durante 2010, ata un total de 28. Unha das máis destacadas, xa que implica a toda a Administración, é a inclusión de medidas de fomento da inserción laboral de persoas con discapacidade nos pregos de cláusulas administrativas particulares dos expedientes de contratación da Administración da Xunta.

Ademais, 250 persoas con discapacidade realizan prácticas profesionais non laborais; e outras 298 foron contratadas por 263 empresas ordinarias grazas ao programa de fomento destas contratacións.

A sétima área está centrada nos recursos no ámbito dos servizos sociais, e supuxo a posta en marcha dun total de 14 actuacións. Cabe salientar, neste punto, o financiamento de máis de 70 programas para a mellora da autonomía persoal das persoas con discapacidade, ou o incremento das prazas de estadias temporais en centros que dan cobertura a certas situacións de emerxencia social ou descanso familiar.

O oitavo eixo logrou a posta en marcha de 5 actuacións na área de saúde e atención sociosanitaria. Entre estas medidas, cabe destacar que un total de 813 persoas con discapacidade foron atendidas no programa de formación na atención bucodental.

A atención temperá, que ocupa a área 9, contou con dúas medidas executadas en 2010. Habería que salientar, especialmente, a atención a un total de 208 familias na rede de unidades de desenvolvemento infantil e apoio á familia (UDIAF), que financia a Consellería de Traballo e Benestar.

O último eixo é o de cultura, deporte e tempo de lecer e contou coa execución dun total de 13 actuacións durante o ano pasado. Destaca a publicación da guía de aloxamentos accesibles (1.300 exemplares distribuídos); ou a participación de máis de 7.000 persoas nas actuacións que desenvolveron distintas entidades de iniciativa social logo da sinatura dos respectivos convenios de colaboración coa Xunta de Galicia.

Xa por último e con respecto ás medidas previstas inicialmente para 2010 e que se están executando en 2011, a conselleira destacou que este ano xa quedou creado o grupo de traballo mixto para modificar a Lei de accesibilidade; así como que xa se procedeu a potenciación das convocatorias para a certificación da competencia profesional na rama de atención sociosanitaria a persoas no seu domicilio. Con todo, lembrou que este ano están xa en execución todas aquelas medidas que non se lograron executar no 2010.

A nova carteira de servizos ampliará o modelo de atención da dependencia e ofertará, por primeira vez, recursos específicos para cada tipo de discapacidade



Santiago, 12 de setembro de 2011.- A nova carteira de servizos para a atención á dependencia ampliará o modelo de atención actual con novos recursos, tendo en conta as características distintivas de cada grao de dependencia. Grazas a este novo modelo, Galicia será a primeira comunidade autónoma en desenvolver unha carteira específica de servizos en función de cada tipoloxía concreta de discapacidade.

A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, presentou esta ferramenta ante as principais entidades prestadoras de servizos sociais, que tamén colaboraron na elaboración deste instrumento. De feito, a carteira partiu dun estudo en profundidade da situación actual da oferta e demanda de servizos, que se realizou a través de máis de 600 enquisas a profesionais deste eido, ás que se sumaron entrevistas con departamentos das áreas sociais e con persoas especializadas dos distintos sectores implicados.

Este novo modelo de atención novidoso “cambiará o paradigma da prestación dos servizos para as persoas con dependencia”. Con esta modificación, pasarase do actual modelo, que acredita os propios centros, a un no que se acreditan os distintos servizos que pode prestar un determinado centro.

Así, por exemplo, nunha residencia ou centro de día, poderase acreditar non só o seu servizo de residencia asistencial; senón que será posible acreditar por separado outros recursos como poderán ser o de lavandaría ou de fisioterapia.

Isto suporá, segundo explicou Mato, que se “optimizarán os recursos dispoñibles, haberá unha maior oferta, personalizaranse e adaptaranse ás necesidades e perfil de cada colectivo e haberá unha maior diversificación”.

Acreditación de servizos

Polo tanto, con esta nova carteira, acreditaranse os servizos sempre que compran os requisitos marcados para iso. Ata agora, o que se autorizaba era un centro como tal (residencia, centro de día, centro de alzhéimer ou centro de atención á discapacidade, por exemplo), polo que os requisitos de autorización eran menos específicos.

Como exemplo, cabería destacar que co modelo actual unha residencia, a partir dun determinado número de usuarios, ten que ter certos servizos. Así, cando unha instalación supera unha cifra de usuarios, ten que ter determinados servizos (animación sociocultural,...).

Pero agora, como se acredita cada servizo por separado, os requisitos pasan a ser máis definidos e específicos. Deste modo, a partir de agora, establecerase por cada recurso en concreto canto persoal ten que ter ese servizo, con que titulación ou con que frecuencia ten que prestarse (ata agora, os requisitos eran xerais para un centro, non por cada servizo). Ademais de garantir un mínimo de calidade moi elevado, estes requisitos supoñen a posibilidade de homoxeneizar os servizos en todo o territorio, sexan públicos ou privados.

Isto servirá, tamén, que poderán beneficiarse de determinados servizos non só os usuarios dos centros, senón os potenciais demandantes deste recurso en concreto que habiten no contorno. Isto é, unha residencia de asistencia seguirá prestando este servizo pero, se ademais, acredita un servizo de fisioterapia non só atenderá os seus propios usuarios, senón que tamén poderá atender a outros usuarios externos, sempre que sexan dependentes e teñan unha proposta do seu Programa Individual de Atención (PIA) no que se estableza que precisan este recurso determinado.

Feijóo avanza que Galicia contará “en breve” co “primeiro decálogo de dereitos das persoas maiores e coa comisión interdepartamental” de atención a este colectivo



▶ Estas medidas inclúense no Plan Galego de Persoas Maiores 2010-2013, que o Goberno galego se compromete a continuar desenvolvendo “eficaz e eficientemente”

Pontevedra, 30 de setembro de 2011.- O presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo, asegurou que o Goberno galego seguirá inmerso nun proceso “de diálogo e de traballo permanentes” que permitirán cumprir, “en breve”, dous compromisos do Plan Galego de Persoas Maiores 2010-2013: “o primeiro Decálogo de dereitos das persoas maiores de Galicia e a Comisión interdepartamental de atención ás persoas maiores”.

Segundo explicou o mandatario galego en Pontevedra, no acto de entrega de premios do certame de pintura A cor do sentimento, o Decálogo de dereitos, que xorde do diálogo coas universidades e coas asociacións de maiores, constituirá a base dun labor dirixido á defensa dos dereitos das persoas maiores e ao fomento da súa plena participación social.

Polo que respecta á Comisión interdepartamental, Feijóo argumentou que nace como ferramenta de política transversal do Goberno galego, pretende incorporar a perspectiva do envellecemento a todas as accións da Xunta e xorde como órgano de consulta e planificación das políticas destinadas a mellorar a calidade de vida dos maiores.

“Estas medidas forman parte dunha das principais apostas sociais da Xunta: a aposta por unha Galicia agradecida cos seus maiores e comprometida co seu benestar; unha Galicia cos servizos públicos e de calidade que precisan os nosos maiores; e unha Galicia na que a

participación social non é patrimonio de ningún colectivo e de ningún grupo de idade, senón que é de todos e de todas, sen distincións”, aseverou Feijóo ao respecto.

“Sabemos que non podemos baixar a garda e que hai que seguir facendo un esforzo por mellorar e desenvolver eficaz e eficientemente o Plan Galego de Persoas Maiores”, incidiu, lembrando que, neste escenario de “gran dificultade”, “é preciso facer un importante exercicio de responsabilidade”, propoñendo “planificación”, fronte á improvisación e “austeridade e eficiencia”, fronte á falla de rigor orzamentario.

“Estes principios de actuación están presentes en toda a actuación da Xunta e polo tanto, tamén o están nas nosas políticas dirixidas ás persoas maiores”, argumentou, lembrando que no Plan Galego de Persoas Maiores 2010-2013 se aposta tanto pola planificación como pola eficiencia.

“Apostamos pola eficiencia xestionando mellor os nosos recursos e sendo capaces de incrementar nun 30% o número de prazas en centros destinados a persoas maiores”, destacou o presidente da Xunta. De feito, segundo indicou, desde abril de 2009, incrementáronse en 2.000 as prazas públicas en residencias, centros de día e centros de atención ás persoas con alzhéimer, sendo a oferta actual de 8.600 prazas.

O presidente da Xunta non quixo rematar a súa intervención sen recoñecer o papel dos maiores como “suxeito activo da nosa sociedade” e salientou que actos coma os de hoxe son actos

“de xustiza con aqueles que tanto contribuíron a configurar o país no que vivimos”; e tamén “de sentido común”, pois, dixo, “non nos podemos permitir o luxo de prescindir do moito que ten que achegar o 22% da poboación que representan os maiores de 65 anos, e porque estamos convencidos de que as boas ideas, cando veñen avaladas polo selo da experiencia, son mellores ideas”, concluíu.

Premiados

Durante o acto fíxose entrega tamén, por primeira vez, dos premios Galicia Sénior, que recoñecen o labor de diversas entidades a favor do colectivo dos maiores. Así, recibiron o galardón as Universidades sénior de Santiago, A Coruña e Vigo, así como a Universidade a distancia Sénior, pola oferta educativa que ofrecen para cubrir a cada vez maior demanda formativa das persoas maiores de 50 anos en Galicia.

Tamén recibiu un galardón a Asociación Cultural Galega de Formación Permanente de Adultos, na que están integradas as Aulas da Terceira Idade de Galicia (ATEGAL), e que foron pioneiras na promoción do que hoxe se coñece como envellecemento activo. Pola súa banda, a obra social de Novacaixagalicia foi premiada polo seu compromiso coas persoas maiores de Galicia e polas actuacións que desenvolve para as persoas maiores de 55 anos.

A Federación territorial de pensionistas de Galicia (FETEGA) tamén obtivo un recoñecemento polo labor que desenvolven as distintas asociacións provinciais de pensionistas. Ademais, foron premiadas a Confederación galega de organización de maiores (COGAMA), que realiza actividades de todo tipo, ademais dun labor moi positivo de fomento do asociacionismo; e a Unión de pensionistas, xubilados e prexubilados de UGT-Galicia, pola defensa que leva a cabo dos intereses sociais, materiais e económicos dos pensionistas, xubilados e prexubilados. Por estes mesmos motivos foi premiada, ademais, a sección de xubilados de CCOO.

No acto realizouse tamén a entrega de premios aos gañadores do certame de pintura A cor do sentimento, no que participaron unhas 140 persoas da rede de centros sociocomunitarios de Galicia. O terceiro premio foi para Pilar Llamas González Valles, de Lugo; o segundo para José Antonio Varela Busto, da Coruña; e o primeiro para Manuel Araújo Friz, de Ourense.


Xuventude e voluntariado

Benestar pon en marcha o III Plan Galego de Acción Voluntaria 2011-2014, que inclúe un programa de servizo xuvenil innovador en Galicia

- ▶ A conselleira de Traballo e Benestar destaca que a nova ferramenta estratéxica servirá para dar resposta á realidade e retos do eido do voluntariado
- ▶ O documento, que foi consultado a máis de 800 entidades do sector, contén 89 accións para executar
- ▶ O III Plan Galego de Acción Voluntaria impulsará a creación do Observatorio e o Rexistro

galegos de acción voluntaria, recollidos na lei que a Xunta está a tramitar neste ámbito

- ▶ Fomentará o voluntariado para persoas maiores e con discapacidade, así como a educación non formal
- ▶ O documento estratéxico inclúe, a diferenza de anteriores plans, un procedemento de avaliación para analizar se os resultados propostos se cumpren



Santiago, 5 de setembro de 2011.- A Xunta de Galicia presentou o III Plan Galego de Acción Voluntaria 2011-2014, unha nova ferramenta coa que o Goberno galego pretende responder á realidade presente e aos retos que na actualidade o eido do voluntariado presenta na nosa comunidade autónoma.

A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, presentou o documento estratéxico en cuxa redacción participaron desde asociacións do eido social como Cogami, Cruz Vermella ou

Cáritas ata colectivos ecoloxistas, universidades e concellos. Na súa redacción, en concreto, máis de 800 entidades do eido do voluntariado tiveron a oportunidade de realizar achegas a este documento, tal e como destacou Mato.

O plan inclúe un total de 89 accións para executar que se aglutinan en tres áreas de intervención -sensibilización, apoio e coordinación- e sete ámbitos para acadar obxectivos específicos: difusión; reflexión e estudo; promoción; formación; xestión; coordinación e cooperación. Cada un

destes ámbitos serán desenvolvidos polas liñas estratéxicas do plan, que suman 19.

Entre as accións propostas, Mato destacou a aposta da Xunta neste plan polo voluntariado xuvenil. Neste eido, indicou que a Comunidade Autónoma de Galicia desenvolverá por primeira vez un programa de servizo de voluntariado xuvenil, que, de feito, anunciou que xa se está a executar.

En concreto, explicou que esta iniciativa conta cun orzamento de 90.000 euros e apuntou que nela están a participar 25 concellos e 36 entidades de acción voluntaria.

O programa consiste nunha plataforma para poñer en contacto as persoas con vocación voluntaria e as entidades que impulsan accións deste tipo, sexan asociacións, organizacións ou concellos. No primeiro ano da posta en marcha deste servizo innovador, desde a Xunta estímase que se desenvolverán máis de 5.000 xornadas de actividades voluntarias en toda Galicia.

Ao respecto, a conselleira indicou que os participantes poderán obter nestas xornadas o certificado oficial de educación non formal, “polo que iniciamos así o necesario camiño do recoñecemento explícito destas actividades para incorporar ao currículo destas persoas”, subliñou.

Ovidio Rodeiro e Rogelio Martínez inauguran as Xornadas de Banda Deseñada na casa da xuventude

Ourense, 26 de setembro de 2011.- O director xeral de Xuventude e Voluntariado, Ovidio Rodeiro, e o delegado territorial da Xunta en Ourense, Rogelio Martínez, son os encargados de inaugurar a 23 edición das Xornadas da Banda Deseñada que este ano están dedicadas á memoria de Benito Losada.

As Xornadas de Banda Deseñada celébranse do 4 ao 18 de outubro. Será este un ano de transición, marcado pola

homenaxe a Benito Losada, o finado director da Casa da Xuventude e coordinador deste evento dende os seus inicios, a través dunha exposición colectiva que se situará na Casa da Xuventude. Para esta especial retrospectiva, 16 autores de cómic galegos, colaboradores habituais do festival, cederon varias páxinas de distintos momentos das súas carreiras, nas que condensan a súa traxectoria no medio e, en certo modo, fan unha retrospectiva

da historia das propias Xornadas: 23 anos nos que Ourense asistiu aos primeiros pasos amateurs desta ducia e pico de debuxantes no seu concurso de BD para a mocidade, presenciou as súas afortunadas iniciativas de autoedición e en moitos casos testemuñou a súa profesionalización. Un paseo pola historia das xornadas no que quedará patente a figura de Losada como promotor dunha xeración de debuxantes que triunfan aquí e no estranxeiro.



DOG

- Resolución do 22 de agosto de 2011, da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado, pola que se procede á publicación das subvencións concedidas en virtude da Orde do 29 de decembro de 2010 pola que se aproban as bases que rexen as subvencións destinadas a entidades locais de Galicia para a realización de actividades dirixidas á xuventude, para a promoción da información xuvenil e para a incorporación da xuventude ás novas tecnoloxías durante o ano 2011, e se procede á súa convocatoria. (DOG nº 168, do 02.09.2011).
- Resolución do 25 de agosto de 2011, da Secretaría Xeral da Emigración, pola que se procede á publicación das subvencións concedidas, ao abeiro da Resolución do 27 de abril de 2011, pola que se regula a concesión en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a concellos, mancomunidades de concellos e consorcios locais para a realización de programas destinados a favorecer os procesos de acollida e integración da poboación inmigrante extracomunitaria na Comunidade Autónoma galega para o ano 2011. (DOG nº 169, do 05.09.2011).
- Orde do 22 de agosto de 2011 pola que se fai pública a ampliación dos importes existentes para a concesión das axudas previstas na Orde do 31 de decembro de 2010 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a realización de actividades de información, orientación e busca de emprego. (DOG nº 169, do 05.09.2011).
- Resolución do 22 de agosto de 2011, da Dirección Xeral de Formación e Colocación, pola que se convocan probas de avaliación en competencias clave para acceder ás accións formativas dos novos certificados de profesionalidade de nivel 2 e 3 de cualificación dentro da Formación Profesional para o Emprego na Comunidade Autónoma de Galicia. (DOG nº 169, do 05.09.2011).
- Orde do 26 de agosto de 2011 pola que se establecen as bases polas que se rexerá a concesión extraordinaria de subvencións a entidades de iniciativa social para o mantemento de determinados centros de inclusión e emerxencia social e se procede á súa convocatoria para o ano 2011. (DOG nº 171, do 07.09.2011).
- Orde do 5 de setembro de 2011 pola que se actualiza o procedemento para o recoñecemento do dereito á asistencia sanitaria por parte das persoas sen recursos económicos suficientes e daquelas que se encontran en situación de desemprego. (DOG nº 173, do 09.09.2011).
- Resolución do 1 de setembro de 2011 pola que se dá publicidade aos convenios de colaboración subscritos por este organismo no segundo cuatrimestre do ano 2011. (DOG nº 176, do 14.09.2011).
- Decreto 176/2011, do 1 de setembro, polo que se modifica o Decreto 196/2001, do 26 de xullo, polo que se regulan as publicacións da Xunta de Galicia. (DOG nº 177, do 15.09.2011).
- Orde do 3 de agosto de 2011 pola que se establece o procedemento de aboamento de cotas á Seguridade Social a traballadores e traballadoras que percibisen a prestación por desemprego na súa modalidade de pagamento único e se procede á convocatoria das correspondentes axudas. (DOG nº 179, do 19.09.2011).
- Orde do 9 de setembro de 2011 pola que se modifica a Orde do 3 de marzo de 2011, pola que se regulan as bases polas que se rexerá a concesión de subvencións destinadas ao cofinanciamento da prestación de servizos sociais polas corporacións locais e se procede á súa convocatoria para o exercicio 2011. (DOG nº 179, do 19.09.2011).
- Orde do 6 de setembro de 2011 pola que se modifica a Orde do 6 de xuño de 2011 pola que se aproba a convocatoria de subvencións para o financiamento de plans de formación intersectoriais e sectoriais dirixidos prioritariamente a persoas traballadoras ocupadas mediante a subscrición de convenios de ámbito autonómico, en aplicación da Orde TAS/718/2008, do 7 de marzo, pola que se desenvolve o Real decreto 395/2007, do 23 de marzo, polo que se regula o subsistema de formación profesional para o emprego en materia de formación de oferta e se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións públicas destinadas ao seu financiamento. (DOG nº 183, do 23.09.2011).

NORMATIVA CCAA

Andalucía

- Acuerdo de 6 de setembro de 2011, del Consejo de Gobierno, por el que se aprueba el Plan de Oportunidades Laborales en Andalucía (OLA). (BOJA do 09.09.2011)
- Orden de 15 de setembro de 2011, por la que se determinan los órganos instructores de los procedimientos para la imposición de sanciones por infracciones en el orden social. (BOJA do 23.09.2011)
- Decreto 276/2011, de 29 de agosto, por el que se modifica el Decreto 259/2005, de 29 de noviembre, por el que se crea el Premio Andaluz a las Buenas Prácticas en la Atención a las Personas con Discapacidad. (BOJA do 27. 09.2011)
- Resolución de 19 de setembro de 2011, del Defensor del Menor de Andalucía, por la que se convoca la cuarta edición del premio anual «Defensor del Menor de Andalucía» correspondiente al año 2011. (BOJA do 29. 09.2011)
- Resolución de 7 de setembro de 2011, del

Aragón

- Instituto Aragonés de Servicios Sociales, por la que se convoca el Programa de actividades de promoción de la autonomía personal y prevención de la dependencia, Programa Envejecimiento Activo, a realizar en los meses de octubre de 2011 a febrero de 2012. (BOA do 14.09.2011)
- Corrección de errores de la Orden de 15 de junio 2011, del Departamento de Economía, Hacienda y Empleo, por la que se aprueba la convocatoria para la concesión de subvenciones públicas para la ejecución de planes de formación dirigidos prioritariamente a los trabajadores ocupados del Plan de Formación para el Empleo

NORMATIVA CCAA

de Aragón correspondiente al año 2011. (BOA do 2.09.2011)

Asturias

- Resolución de 22 de julio de 2011, de la Consejería de Presidencia, por la que se ordena la publicación del Convenio entre el Principado de Asturias, a través de la Consejería de Bienestar Social y Vivienda, y el Consejo de la Juventud, para el desarrollo de un programa de participación juvenil en materia de voluntariado. (BOPA do 01.09.2011)
- Resolución de 11 de julio de 2011, de la Consejería de Presidencia, Justicia e Igualdad, por la que se ordena la publicación del Convenio entre la Comunidad Autónoma del Principado de Asturias y el Ayuntamiento de... para la ejecución de su Programa Territorial de Empleo 2011-2012. (BOPA do 26.09.2011)

Canarias

- Resolución de 2 de setembro de 2011, de la Presidenta, por la que se aprueba la convocatoria extraordinaria para conceder subvenciones destinadas al desarrollo de proyectos generadores de empleo para los colectivos de jóvenes sin cualificación y parados mayores de 45 años de larga duración, en colaboración con las corporaciones locales insulares y con las corporaciones locales que correspondan a municipios de más de 95.000 habitantes de Canarias. (BOC do 12.09.2011)

Cantabria

- Orden HAC/22/2011, de 2 de setembro de 2011, por la que se establecen las bases reguladoras y se aprueba la convocatoria de las subvenciones para la realización de acciones de orientación profesional para el empleo y asistencia al autoempleo para los ejercicios 2011 y 2012. (BOC do 16.09.2011)

Castilla-La Mancha

- Decreto 260/2011, de 30/08/2011, de competencias sancionadoras en materia de sanidad, ordenación farmacéutica, defensa del consumidor y usuario, productos farmacéuticos, asuntos sociales y protección de menores. (DOCM do 02.09.2011)

- Decreto 268/2011, de 08/09/2011, de modificación del Decreto 123/2011, de 7 de julio, por el que se establece la estructura orgánica y competencias de la Consejería de Sanidad y Asuntos Sociales. (DOCM do 13.09.2011)

- Decreto 278/2011, de 15/09/2011, por el que se modifica el Decreto 274/2003, de 09/09/2003, de estructura orgánica y funciones del Servicio Público de Empleo de Castilla-La Mancha. (DOCM do 19.09.2011)

- Decreto 282/2011, de 22/09/2011, por el que se modifica el Decreto 127/2011, de 7 de julio, por el que se establece la estructura orgánica y se fijan las competencias de los órganos integrados en la Consejería de Empleo y Portavoz del Gobierno de Castilla-La Mancha. (DOCM do 26.09.2011)

Castilla y León

- Orden EYE/1090/2011, de 26 de agosto, por la que se modifica la Orden EYE/312/2009, de 13 de febrero, por la que se establecen las Bases Reguladoras de las Subvenciones dirigidas a PYMES para fomentar el ascenso profesional de la mujer en Castilla y León. (BOCyL do 02.09.2011)
- Orden EYE/1091/2011, de 30 de agosto, por la que se convocan subvenciones destinadas a PYMES para fomentar el ascenso profesional de la mujer en Castilla y León para el año 2011. (Código REAY EYE 009). (BOCyL do 02.09.2011)

- Resolución de 30 de agosto de 2011, del Servicio Público de Empleo de Castilla y León, por la que se convocan subvenciones a Entidades Locales, cofinanciadas por el Fondo Social Europeo, para la contratación de trabajadores en el ámbito de los Nuevos Yacimientos de Empleo para el año 2011. (BOCyL do 02.09.2011 e corrección de erros no BOCyL do 13.09.2011)

- Corrección de errores de la Resolución de 21 de marzo de 2011, del Servicio Público de Empleo de Castilla y León, por la que se convocan subvenciones cofinanciadas por el FSE, para la realización de acciones de orientación, formación e inserción profesional, para el año 2011. (BOCyL do 15.09.2011)

- Orden EYE/1193/2011, de 13 de setembro, por

la que se modifica la Orden EYE/525/2011, de 25 de abril, por la que se convocan para el año 2011 medidas de mejora de la ocupabilidad a través de una línea de ayudas destinadas a trabajadores/as afectados por expedientes de regulación de empleo de suspensión de contratos de trabajo y a trabajadores con 55 o más años de edad, por extinción de sus contratos de trabajo, por declaración de insolvencia de la empresa o en procedimiento concursal, en el ámbito de Castilla y León. (BOCyL do 27.09.2011)

Catalunya

- Orden BSF/227/2011, de 2 de setembro, por la que se da publicidad a la relación de tasas vigentes durante el año 2011 que gestiona el Departamento de Bienestar Social y Familia. (DOGC do 19.09.2011)

- Orden BSF/230/2011, de 14 de setembro, por la que se aprueban las bases reguladoras del XIX Premio Voluntariado y se abre la convocatoria para el 2011. (DOGC do 21.09.2011)

- Resolución EMO/2203/2011, de 21 de setembro, por la que se modifica la Resolución EMO/2055/2011, de 8 de agosto, por la que se abre la convocatoria de las subvenciones para la realización de acciones de formación del Programa de cualificación profesional inicial para el curso académico 2011-2012 (PQPI). (DOGC do 28.09.2011)

- Orden EMO/243/2011, de 28 setembro, de modificación de la Orden TRE/500/2010, de 25 de octubre, por la que se establecen las bases que deben regir la concesión de ayudas para la realización del Programa de Experiencia Profesional para el empleo juvenil en Cataluña (Programa Suma't), y se amplía el plazo de ejecución del Programa. (DOGC do 30.09.2011)

Extremadura

- Anuncio de 26 de setembro de 2011 por el que se da publicidad a la ampliación del crédito asignado a la convocatoria de subvenciones acogidas al Programa de fomento del empleo de experiencia del Plan de apoyo al empleo local, en el ámbito de la Comunidad Autónoma de Extremadura, aprobada por Orden de 8 de agosto de 2011(DOE do 29.09.2011)

Illes Balears

NORMATIVA CCAA

• Resolución del Parlamento de las Illes Balears por la cual se convalida el Decreto ley 4/2011, de 5 de agosto, de modificación de la Ley 7/2000, de 15 de junio, de creación del Servei d'Ocupació de les Illes Balears. (BOCAIB do 10.09. 2011)

• Resolución del Vicepresidente Económico, de Promoción Empresarial y de Empleo de 6 de septiembre de 2011 por la que se aprueba ampliar el crédito asignado a la Resolución de la Consejera de Turismo y Trabajo de 11 de abril de 2011 por la que se aprueba la convocatoria para conceder ayudas para las unidades de apoyo a la actividad profesional en el marco de los servicios de ajuste personal y social de los centros especiales de empleo (BOIB núm. 57, de 16 de abril). (BOCAIB do 10.09. 2011)

• Resolución del Vicepresidente Económico, de Promoción Empresarial y de Empleo de 6 de septiembre de 2011 per la que se aprueba ampliar el crédito asignado a la Resolución de la Consejera de Turismo y Trabajo de 17 de marzo de 2011 por la que se aprueba la convocatoria para conceder ayudas destinadas a mantener los puestos de trabajo de personas con discapacidad en centros especiales de empleo a través de la financiación parcial de sus costes salariales. (BOCAIB do 10.09.2011)

• Resolución del Vicepresidente Económico, de Promoción Empresarial y de Empleo de 6 de septiembre de 2011 por la que se aprueba ampliar el crédito asignado a la Resolución de la Consejera de Turismo y Trabajo de 11 de abril de 2011 por la que se aprueba la convocatoria para conceder ayudas destinadas a la integración laboral de personas con discapacidad en centros especiales de empleo (BOIB núm. 57, de 16 de abril). (BOCAIB do 10.09.2011)

• Anuncio de reparto de herencias abintestato dirigido a las asociaciones declaradas de utilidad pública y fundaciones de beneficencia, acción social, en materia de ayuda a personas dependientes, ayuda a personas minusválidas o marginadas o de objeto similar que tengan su ámbito de actuación en todas las Illes Balears o sólo en el municipio de Palma. (BOCAIB do 29.09.2011)

Madrid

• Orden 3727/2011, de 21 de septiembre, por la que se dictan disposiciones generales para la

financiación de planes de formación, dirigidos prioritariamente a trabajadores ocupados y se convocan subvenciones para el año 2011. (BOCM do 23.09.2011)

Murcia

• Orden de 27 de julio de 2011, de la Consejería de Educación, Formación y Empleo, por la que se designa a los Evaluadores/Comisión de Evaluación en el procedimiento de reconocimiento, evaluación, acreditación y registro de competencias profesionales (PREAR) de la cualificación de Atención Sociosanitaria a Personas Dependientes en Instituciones Sociales (SSC320_2/2010-1). (BORM do 03.09.2011)

• Orden de 26 de julio de 2011, de la Consejería de Educación, Formación y Empleo, por la que se convocan ayudas económicas por la organización de cursos de formación del profesorado no universitario en el año 2010 y 2011, por asociaciones e instituciones sin ánimo de lucro y organizaciones sindicales que tengan suscrito convenio de colaboración para la formación permanente del profesorado con la Consejería de Educación, Formación y Empleo, así como por fundaciones dependientes de estas organizaciones sindicales. (BORM do 09.09.2011)

• Orden de 14 de septiembre de 2011, del Consejero de Educación, Formación y Empleo, por la que se autoriza la implantación, supresión, modificación y sustitución de Ciclos Formativos de Formación Profesional y Programas de Cualificación Profesional Inicial para el curso 2011-2012. (BORM do 30.09.2011)

Navarra

• Corrección de errores del Decreto Foral 141/2011, de 24 de agosto, por el que se establece la estructura orgánica del Departamento de Desarrollo Rural, Industria, Empleo y Medio Ambiente. (BON do 02.09.2011)

• Resolución 1473/2011, de 6 de septiembre, de la Directora General de Salud, por la que se aprueban las bases reguladoras de la convocatoria para la concesión de subvenciones para el tratamiento con el método Petö a menores de dieciséis años durante el año 2011. (BON do 16.09.2011)

País Vasco

• Resolución de 25 de agosto de 2011, de la Directora de Atención a las Víctimas de la Violencia de Género, por la que se da publicidad a la ampliación del crédito para el ejercicio 2011 destinado a las ayudas previstas en la Orden de 30 de mayo de 2011, del Consejero de Interior, por la que se establece el procedimiento de concesión y pago de la ayuda económica a las mujeres víctimas de violencia de género prevista en el artículo 27 de la Ley Orgánica 1/2004, de 28 de diciembre, de Medidas de Protección Integral contra la Violencia de Género. (BOPV do 16.09.2011)

La Rioja

• Decreto 135/2011, de 2 de septiembre, por el que se determina el precio público en el servicio de atención residencial y de estancias temporales residenciales para personas con discapacidad en situación de dependencia y diagnosticadas de esclerosis múltiple de la Comunidad Autónoma de La Rioja (BOR do 07.09.2011)

• Orden nº 25/2011 de 14 de septiembre, de la Consejería de Industria, Innovación y Empleo, por la que se modifica la Orden de 30 de marzo de 2007, de la Consejería de Hacienda y Empleo, por la que se establecen las bases reguladoras para la concesión de ayudas al programa de fomento de la Economía Social en la Comunidad Autónoma de La Rioja (BOR nº 45, de 7 de abril). (BOR do 23.09.2011)

Valencia

• Decreto 123/2011, de 16 de septiembre, del Consell, por el que se crea el Instituto Universitario de Investigación de Políticas de Bienestar Social (Polibienestar) en la Universitat de València. (DOCV do 20.09.2011)

• Corrección de errores del Decreto 99/2011, de 26 de agosto, del Consell, por el que se aprueba el Reglamento Orgánico y Funcional de la Conselleria de Justicia y Bienestar. (DOCV do 22.09.2011)

• Corrección de errores del Decreto 98/2011, de 26 de agosto, del Consell, por el que se aprueba el Reglamento Orgánico y Funcional de la Conselleria de Educación, Formación y Empleo. (DOCV do 30.09.2011)

BOE

► Orden EDU/2345/2011, de 28 de julio, por la que se convocan subvenciones para financiar medidas de apoyo institucional a los sindicatos del sector. (BOE nº 210, do 1.09.2011).

► Orden EDU/2346/2011, de 18 de agosto, por la que se establecen las bases reguladoras para la concesión de subvenciones para el Desarrollo de Proyectos y Acciones Orientadas a la Mejora de la Atención Integral y Empleabilidad de los estudiantes universitarios y se procede a su convocatoria para el año 2011. (BOE nº 210, do 1.09.2011).

► Orden SPI/2347/2011, de 24 de agosto, por la que se establecen las bases reguladoras y se efectúa la convocatoria para la concesión de becas de formación en el Observatorio Estatal de Violencia sobre la Mujer para el año 2012. (BOE nº 210, do 1.09.2011).

► Orden SPI/2348/2011, de 17 de agosto, por la que se conceden subvenciones a entidades privadas sin fines de lucro, para el desarrollo de programas supracomunitarios sobre drogodependencias. (BOE nº 210, do 1.09.2011).

► Orden SPI/2349/2011, de 24 de agosto, por la que se establecen las bases reguladoras para la concesión de las subvenciones públicas destinadas a proyectos de atención y ayudas sociales para las víctimas de trata de seres humanos con fines de explotación sexual y se efectúa la convocatoria correspondiente a 2011. (BOE nº 210, do 1.09.2011).

► Resolución de 31 de agosto de 2011, del Servicio Público de Empleo Estatal, por la que se determina el régimen transitorio de la utilización de los contratos para la formación en los programas de Escuelas Taller, Casas de Oficio y Talleres de Empleo, en desarrollo de lo establecido en el Real Decreto-ley 10/2011, de 26 de agosto, de medidas urgentes para la promoción del empleo de los jóvenes, el fomento de la estabilidad en el empleo y el mantenimiento del programa de recualificación profesional de las personas que agoten su protección por desempleo. (BOE nº 212, do 3.09.2011).

► Orden SPI/2378/2011, de 24 de agosto, por la que se convoca en 2011 la concesión de ayudas económicas a corporaciones locales para el desarrollo de programas de prevención de las drogodependencias, con cargo al Fondo de bienes decomisados por tráfico de drogas y otros delitos relacionados, en aplicación de la Ley 17/2003, de 29 de mayo. (BOE nº 213, do 5.09.2011).

► Orden SPI/2379/2011, de 24 de agosto, por la que se convoca la concesión de ayudas económicas a entidades privadas sin fines de lucro y de ámbito estatal, con cargo al Fondo de bienes decomisados por tráfico de drogas y otros delitos relacionados, en aplicación de la Ley 17/2003, de 29 de mayo, para la realización de programas supracomunitarios sobre drogodependencias en el año 2011. (BOE nº 213, do 5.09.2011).

► Real Decreto-ley 13/2011, de 16 de septiembre, por el que se restablece el Impuesto sobre el Patrimonio, con carácter temporal.

(BOE nº 224, do 17.09.2011).

► Real Decreto 1276/2011, de 16 de septiembre, de adaptación normativa a la Convención Internacional sobre los derechos de las personas con discapacidad. (BOE nº 224, do 17.09.2011).

► Real Decreto-ley 14/2011, de 16 de septiembre, de medidas complementarias en materia de políticas de empleo y de regulación del régimen de actividad de las Fuerzas y Cuerpos de Seguridad del Estado. (BOE nº 226, do 20.09.2011).

► Orden TIN/2501/2011, de 15 de septiembre, por la que se fijan para el ejercicio 2011 las bases normalizadas de cotización a la Seguridad Social, por contingencias comunes, en el Régimen Especial de la Seguridad Social para la Minería del Carbón. (BOE nº 228, do 22.09.2011).

► Ley 28/2011, de 22 de septiembre, por la que se procede a la integración del Régimen Especial Agrario de la Seguridad Social en el Régimen General de la Seguridad Social. (BOE nº 229, do 23.09.2011).

► Ley 29/2011, de 22 de septiembre, de Reconocimiento y Protección Integral a las Víctimas del Terrorismo. (BOE nº 229, do 23.09.2011).

► Resolución de 15 de septiembre de 2011, del Congreso de los Diputados, por la que se ordena la publicación del Acuerdo de convalidación del Real Decreto-ley 10/2011, de 26 de agosto, de medidas urgentes para la promoción del empleo de los jóvenes, el fomento de la estabilidad en el empleo y el mantenimiento del programa de recualificación profesional de las personas que agoten su protección por desempleo. (BOE nº 229, do 23.09.2011).

► Real Decreto 1329/2011, de 26 de septiembre, de disolución del Congreso de los Diputados y del Senado y de convocatoria de elecciones. (BOE nº 232, do 27.09.2011).

► Orden PRE/2571/2011, de 22 de septiembre, por la que se regula el número de identificación de las publicaciones oficiales. (BOE nº 234, do 28.09.2011).

► Resolución de 22 de septiembre de 2011, del Congreso de los Diputados, por la que se ordena la publicación del Acuerdo de convalidación del Real Decreto-ley 13/2011, de 16 de septiembre, por el que se restablece el Impuesto sobre el Patrimonio, con carácter temporal. (BOE nº 235, do 29.09.2011).

► Resolución de 22 de septiembre de 2011, del Congreso de los Diputados, por la que se ordena la publicación del Acuerdo de convalidación del Real Decreto-ley 14/2011, de 16 de septiembre, de medidas complementarias en materia de políticas de empleo y de regulación del régimen de actividad de las Fuerzas y Cuerpos de Seguridad del Estado. (BOE nº 235, do 29.09.2011).

DOUE

- ▶ Dictamen del Comité de las Regiones sobre «la agenda de nuevas cualificaciones y empleos» (DOUE C 259, do 2.09.2011).
- ▶ Decisión del Parlamento Europeo y del Consejo, de 6 de julio de 2011, relativa a la movilización del Fondo de Solidaridad de la Unión Europea, de conformidad con el apartado 26 del Acuerdo Interinstitucional,
- ▶ Convocatoria de propuestas — EA-CEA/28/11 — Acción 4.1 — Apoyo a organismos activos a nivel europeo en el ámbito de la juventud (DOUE C 270, do 13.09.2011).
- ▶ Convocatoria de oposiciones generales (DOUE C 271, do 14.09.2011).
- ▶ Decisión no 940/2011/UE del Parlamento Europeo y del Consejo, de 14 de septiembre de 2011, sobre el Año Europeo del Envejecimiento Activo y de la Solidaridad Intergeneracional (2012) (DOUE L 246, do 23.09.2011).

Publicacións

PUBLICACIÓNS SETEMBRO 2011

As publicacións editadas pola consellería no mes de setembro son as seguintes:

- ▶ BITEB Nº 66, agosto-setembro 2011
- ▶ Galicia. Informe do paro rexistrado. Xullo 2011
- ▶ Tendencias do emprego en Galicia. 4º trimestre 2010
- ▶ Guía de actuación coordinada contra o maltrato de persoas maiores ou adultas con discapacidade

